

# PASANDO A BÓLA



XOGANDO PARA CAMBIAR

"Pasando a Bóla" emerxe como un evento de **intervención escolar e social**, onde o xogo dramático serve como ferramenta poderosa para concienciar ao alumnado sobre a problemática abordada e explorar solucións que se porán en práctica a través do teatro.



Baseada no libro **"A Banda dos insectos"** de Celta Figueiras e inspirado na técnica de Augusto Boal e o teatro do oprimido, esta actividade aborda de forma única o **problema do bullying** no contexto escolar.



MÁXIMO DE PÚBLICO: 70 rapazas e rapaces  
ESPAZO IDEAL: 1ª opción: Salón de actos con escenario /  
2ª opción: Ximnasio (con colchonetas, bancos e cadeiras) /  
3ª opción: Aula ou biblioteca ampla /  
DURACIÓN DA ACTIVIDADE: 45 minutos  
(15 minutos previos coas voluntarias e voluntarios)  
Nº VOLUTARIAS/OS: 10 (de entre os cursos participantes)

Neste encontro singular, a guía da intervención, coa colaboración do **alumnado voluntario como actores e actrices**, escenificará escenas construídas especialmente para representar as diversas manifestacións do acoso nas escolas. Trala presentación destas escenas, **a audiencia convértese en parte activa do proceso**, aportando solucións aos comportamentos observados, encarnando e mostrando tamén as novas solucións propostas como parte da actuación.

"Pasando a bóla" non só ofrece un enfoque innovador para abordar o bullying, senón que tamén fomenta a participación activa da comunidade escolar na **creación de solucións**. A través do xogo teatral, a audiencia non só toma conciencia da problemática, senón que tamén se converte en axente de cambio, construíndo xuntos unha resposta colectiva que **promove un ambiente escolar máis seguro e respectuoso**.

## Para máis información:

info@axaneladomaxin.com  
635.364.587 (Celta Figueiras)  
620.294.166 (Xosé Breijo)

